

PROCEDEMENTO: CT207K- Axudas para a promoción de videoxogos

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 19 de maio de 2022, DOG núm.96, publicase a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a promoción de videoxogos, ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014,2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19 e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (código de procedemento CT207K)

2. Estas axudas están enmarcadas no seguintes marco de actuación:

Fondo financiamento: FEDER (Fondo Europeo de Desarrollo Regional)

Programa Operativo: Feder Galicia 2014-2020.

Esta actuación enmárcase nos seguintes:

Eixe Prioritario: EP20 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da Economía. (REACT-UE).

Obxectivo Temático: 13 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía. (REACT-UE).

Prioridad de inversión: 01: Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía

Actuación CPSO: 20.1.3.2.4 Ayudas para el impulso de la industria cultural y creativa gallega.

Obxectivo Específico: OE 20.1.3.2 - OE REACT-UE 3.2. Apoio a medidas de axuda económica nas rexións máis dependentes dos sectores máis afectados pola crise da COVID-19. Organismo con senda Financeira: Xunta de Galicia

Organismo intermedio: Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública abarcando todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.

Organismo de selección de operación e entrega o DECA: Axencia Galega das Industrias Culturais.

3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 20 de xuño de 2022, compróbase que a Modalidade A non recibiu ningunha solicitude e, para as solicitudes presentadas para a modalidade B, relacionadas o anexo I, procédese á súa avaliación, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos

4. Con data 30 de agosto de 2022 reúnense as comisións de valoración, creadas ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no Anexo III, por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. No artigo 17.1 das bases reguladoras, establécese que o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de Valoración, ditará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia de Agadic..
2. O artigo 17.2 sinala que será a presidencia do Consello Reitor e Agadic, quen deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.
3. Tras a súa reunión as comisións de avaliación remiten a Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese no anexo IV.
4. A distribución dos créditos entre as persoas susceptibles de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 2 das bases da convocatoria, á puntuación acadada, e ao importe solicitado polos interesados, dando lugar ao anexo V que reflicte as entidades susceptibles de ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela, RESOLVO:

1. Admitir as solicitudes que se relacionan no anexo III por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
2. Conceder a subvención, e polo importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no anexo V.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

O Presidente do Consello Reitor da Agadic
Román Rodríguez González



ANEXO I

SOLICITUDES RECIBIDAS

MODALIDADE B

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207K/2022/1	CHESSFOREDU SOCIEDAD LIMITADA	B05329776	CAISSA
CT207K/2022/2	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"Pegadas": un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia
CT207K/2022/3	UNHA DE ROMANOS, SL	B27430065	PASEO VIRTUAL POR LUCUS AUGUSTI
CT207K/2022/4	ISELTEC SL	B70444823	APASIÑO



ANEXO III

SOLICITUDES PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

MODALIDADE B

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207K/2022/1	CHESSFOREDU SOCIEDAD LIMITADA	B05329776	CAISSA
CT207K/2022/2	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"Pegadas": un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia
CT207K/2022/3	UNHA DE ROMANOS, SL	B27430065	PASEO VIRTUAL POR LUCUS AUGUSTI
CT207K/2022/4	ISELTEC SL	B70444823	APASIÑO



Anexo IV

SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

MODALIDADE B

N.º expediente	Entidade	NIF	Nome do proxecto	Puntuación criterios automáticos	Puntuación criterios técnicos	Puntuación total
CT207K/ 2022/2	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"Pegadas": un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia	30,00	44,00	74,00
CT207K/ 2022/3	UNHA DE ROMANOS, SL	B27430065	PASEO VIRTUAL POR LUCUS AUGUSTI	24,00	32,50	56,50
CT207K/ 2022/4	ISELTEC SL	B70444823	APASIÑO	18,00	37,50	55,50
CT207K/ 2022/1	CHESSFOREDU SOCIEDAD LIMITADA	B05329776	CAISSA	14,00	36,00	50,00



ANEXO V

SOLICITUDES PROPOSTAS PARA ACADAR SUBVENCIÓN

Modalidade B

N.º expediente	Entidade	NIF	Nome do proxecto	Contía solicitada	Contía proposta	
					Anualidade 2022	Anualidade 2023
CT207K/ 2022/2	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"Pegadas": un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
CT207K/ 2022/3	UNHA DE ROMANOS, SL	B27430065	PASEO VIRTUAL POR LUCUS AUGUSTI	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
CT207K/ 2022/4	ISELTEC SL	B70444823	APASIÑO	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
CT207K/ 2022/1	CHESSFOREDU SOCIEDAD LIMITADA	B05329776	CAISSA	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €

